

ARQUIVO
HISTÓRICO
UNIVERSITARIO



Crónica
dunha
custodia

EXPOSICIÓN

Capela do Colexio de Fonseca

Do 28 de abril ao 28 de maio 2022



Arquivo Histórico Universitario
Universidade de Santiago de Compostela

Deseño e impresión: Campus na nube



Rexistro da visita realizada por Alonso Muñoz de Otalora á Universidade de Santiago.

1600

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO:

Libro de visitas reais. F.U., A-36, fol. 32 r-v.

O visitador real, ao non atopar un lugar axeitado para a custodia dos documentos na súa visita de inspección á Universidade, ordena facer caixóns grandes *“de entalle y buena madera los quales se pongan y asienten a la entrada de la puerta del claustro a la mano derecha”*, e clasificar a documentación segundo as seguintes agrupacións: nun primeiro *“apartamento”*, a documentación dos colexiais de Fonseca *“postas pola súa orde e con chave aparte”*; noutro, os libros de claustro, de visitas, de grao, e matrículas; nun terceiro, os privilexios de xuros, censos, foros, apeos e outros papeis relativos á Facenda e, finalmente, bulas apostólicas, estatutos, provisións e privilexios reais.

Aproveita a ocasión tamén para lembrarlle ao secretario a súa obriga de entregar á institución académica os libros e escrituras que tivese no seu poder pois estaba a ter moi presente o acontecido na visita do ano 1577. Nela chégase a privar do seu oficio ao secretario dese momento, Gonzalo Fernández, pola súa negligencia na custodia da documentación ao non aportar os libros e documentos requiridos polo visitador e por achalos, finalmente, no medio dun gran desorde, na inspección posterior que se fixo á súa vivenda particular.

Constitucións reais da Universidade de Santiago e dos seus Colexios Maior e Menor.


1602

Luís de Paz, impresor. Santiago de Compostela

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., A- 4.093

Constitucións e Estatutos conforman as credenciais dunha universidade. Son os textos normativos que regulan o seu goberno e funcionamento así como todos os aspectos relativos á vida académica.

Estas Constitucións, impulsadas por don Pedro de Portocarrero, visitador real, foron sancionadas o 6 de agosto de 1588. Sen embargo, estiveron suxeitas a varias revisións e emendas posteriores ata a súa impresión no ano 1602.



Os seus postulados manteranse inalterados ata a profunda reforma impulsada polo visitador Diego Juan de Ulloa en 1751, froito das peticións de modificación e cambio de estatutos solicitados ao rei polo Claustro compostelán.

No apartado dedicado á arca claustral, ordénase que estivera situada dentro do Colexio principal, apartada de perigo de lume e roubo, e que nela se custodiasen as bulas e as escrituras orixinais da renda e facenda universitarias, entre outros documentos que se considerasen “de moito ser e importancia”. Para maior seguridade, debía ter catro pechaduras e as chaves repartidas entre o reitor da Universidade, o reitor do Colexio Maior, o consiliario máis antigo e o secretario, pois da súa integridade e conservación dependían tanto o sustento económico como a lexitimidade da institución.

Alzado da hospedaxe do Colexio de Santiago Alfeo (Fonseca).

Ca. 1701

Domingo de Andrade, arquitecto

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U. PLANOS, nº 4

Orixinariamente, a documentación máis importante da Universidade de Santiago estivo gardada nunha arca no Colexio de Fonseca. Anos despois, grazas á visita de José Antonio de Molina y Medrano en 1635 sabemos que para a custodia de documentos se ía a destinar unha estancia propia, a sancristía do citado colexio, debido á necesidade “que había de archivo y tesoro para la guarda del dinero y de los papeles”.

Reconto das escrituras existentes na arca pertencentes ao Colexio e Universidade sendo reitor Benito Méndez de Parga, cóengo doutoral da catedral.

1619, xaneiro, 12

Bartolomé García de Seares, secretario

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 162, p. 7

A figura do secretario é de capital importancia no goberno da Universidade do Antigo Réxime. Xeralmente, ten a condición de escribán público e como tal, redacta e lexitima todas as actas, acordos e demais documentos xerados pola institución, así como os testemuños e copias autén-

ticas destes. Ata as reformas implantadas por Diego Juan de Ulloa en 1751, era tamén o responsable do arquivo e inventario desta documentación.

Este secretario, Bartolomé García de Seares, é o segundo dunha saga que ostentou o posto por espazo de varios decenios, principiando por seu pai, Juan García de Seares, sucesor no cargo de Gonzalo Fernández. A diferenza deste, foi gratificado polo traballo que realizou na reunión e inventario dos “papeis” do arquivo.

Acta da sesión do claustro relativa á toma de posesión do edificio que pertencera aos xesuítas como nova sede da Universidade de Santiago e ao traslado do seu arquivo.

1769, setembro, 21

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: Libro de actas do Claustro. F.U., A-58

Tras a expulsión da Compañía de Xesús en 1767, por Real Cédula do 19 de agosto de 1769, o rei Carlos III decretaba que as casas e os edificios dos xesuítas pasasen ao servizo das poboacións nas que radicasen.

Grazas á detallada descrición que se fai nesta sesión, sabemos que o 21 de setembro dese ano tivo lugar o traslado en procesión polas rúas de Santiago dos “papeis do arquivo” desde a súa localización tradicional no Colexio de Fonseca ata a nova sede.

Previamente, o reitor do citado Colexio tan só accedera a entregar a cuarta chave para a retirada dos documentos no último momento, negándose a asistir ao acto de toma de posesión do edificio dos regulares como mostra da súa oposición a dito traslado, o cal discorreu do seguinte xeito:

“(…) con lo qual se empezaron a sacar los papeles del archivo y conducirlos con toda precaución y seguridad; (...) se formo el claustro en dos filas, todos los graduados con sus insignias, acompañado de sus Ministros con sus Timbales (...) y así salio del Colegio de Fonseca y encaminándose por la calle de Riego de Agua a la Rúa Nueva, y de allí por la callejuela de la parroquia de Salomé a la plaza del Mercado, llegó al citado Colegio que fue de los Regulares de la Compañía en cuiá puerta principal encontró a dicho señor comisionado, D. Francisco Núñez de Andrade y al Ilmo. D. Juan de Fondevila, quienes incorporados con el Claustro le condujeron (llevando en medio al señor Rector) a la Sala o Quarto que servía de rectoral en dicho Colegio (...) se leyó de verbo ad verbum la citada Real Cédula y el

Sr. Comisionado entregó al Sr. Rector un llavero grande con muchas llaves, por cuiá entrega (...) daba y dio en su nombre al Claustro la posesión Real, actual, corporal de este dicho Colegio”.

Tratouse, polo tanto, dun acontecemento histórico tanto pola solemnidade que se lle outorgou ao acto de toma de posesión do edificio como polo feito de que supuxo a separación efectiva entre a Universidade de Santiago e o seu Colexio Maior.

Tamén é innegable que se tratou dunha transferencia documental do máis singular e festiva, aínda que parcial, dado que, grazas a un inventario realizado no ano 1786, coñecemos da existencia aínda en Fonseca dos documentos relativos ao seu goberno (libros de capelas, de contabilidade, expedientes de bolsas de colexiais, cadernos, así como copias simples de bulas de fundación, cartas, providencias e reais cédulas). Esta documentación atopábase metida en caixas de madeira de pino e os libros nun nicho con tres pechaduras, “*a manera de lacena*”, embutido nunha parede contigua á cámara reitoral.

Plano do andar baixo do proxecto construtivo do novo edificio da Real Universidade de Santiago.

1783, maio, 12


Miguel Ferro Caaveiro, arquitecto

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U. PLANOS, nº 13

Tras o traslado e ocupación do Colexio que a Compañía de Xesús tiña en Santiago, o estado de conservación no que se atopaba e o tamaño reducido das dependencias facían inviable a actividade académica, razón pola que se decidiu construír un novo edificio no solar anexo á igrexa xesuíta, a cal sería conservada para o seu uso como capela da Universidade.

O primeiro proxecto, encargado a Domingo Lois de Monteagudo en 1771, non se chegaría a materializar pero os seus planos serviron de inspiración para os deseños posteriores presentados por Miguel Ferro Caaveiro e José Pérez Machado. As obras de edificación pasarán por distintas fases entre os anos 1774 e 1806 e por distintas propostas construtivas.

Este plano de Caaveiro é un dos que presentou ao Claustro o 24 de maio de 1783 para a súa valoración. Os cambios solicitados tras esta inspección obrigaron ao arquitecto a facer modificacións ao deseño orixinal.



Atendendo a esta representación gráfico do andar baixo, debemos fixarnos na lenda nº 13 que di o seguinte: “*Thesoro, al que se vaja desde el archivo, por la escalera nº 14 y entre ambas piezas se coloca el cuarto del custodio, y todo de bobeda, para su mayor resguardo*”.

Pode constatar-se a través deste explicación que continuaba a estar vinculada a custodia da documentación coa do “tesouro” ou caudais da Universidade.

Representación de Andrés Pereira y Novio ao rei Carlos IV solicitando o cargo de contador-arquiveiro da Universidade.

1796

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 200, P.19

Na solicitude razoada, Pereira y Novio, avogado da Real Audiencia e doutor en Dereito, expón que foi nomeado comisionado para o arranxo do arquivo no ano 1794, pois atopábase este “*enteramente abandonado, lleno de telarañas, polvo, ynsectos, ratones y todo lo más que arruina semejantes oficinas y sobre todo haberse roto el tejado, cayendo en el mucha copia de agua que sobre la natural humedad del pays arruino enteramente muchos papeles (...)*”.

Tamén denuncia neste informe a negligencia existente na retirada dos documentos pois “*se echan en falta en el archivo (...) escrituras, testimonios de pleitos, ejecutorias y algunas bulas pontificias de la mayor importancia*”.

Seguidamente, pasa a dar conta dos seus méritos na ordenación e recuperación dos papeis desaparecidos, os cales se atopaban ben en mans de particulares, ben en oficios de rexistros e notarías da cidade. Con esta argumentación, pretendía lexitimar a súa pretensión de reclamar para si a creación do cargo permanente de arquiveiro na Universidade.

Copia autorizada dunha serie de documentos, entre eles, a Bula de Clemente VII de 1526, en virtude do auto do Consello de Castela polo que se concede permiso e licenza para copiar e transcribir os documentos do arquivo da Universidade.

1796, decembro, 23

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 199. P.1

No ano 1794, a Universidade solicita ao Consello de Castela autorización para “*trasladar y poner en letra corriente*



*Índice General
Alfabético, e instructivo*

*de todos los Papeles y Documentos relativos
a la Hacienda y Derechos de esta
Real Universidad de Santiago
según se contienen en su Archivo
Se firmó siendo dignísimo Rector de ella
El D.^o D.^o José Antonio Rivadeneyra
Canonigo Cardenal Dignidad eccl.
Santa Metropolitana de León
quien con laudable Zelo promovió su execucion*

Intervino en ello

*El D.^o D.^o Diego Mosquera
Catedrático por S. M. de Teología moral
y Contador Archivero de la misma Universidad*

*Concluido en fin del año de
1826.*

varios papeles del archivo que se encuentran ya muy antiguos y expuestos a que con el tiempo no se lean". O Consello emite posteriormente unha Real Cédula accedendo ao solicitado.

O expediente ábrese coas dilixencias e certificacións que amparan o dereito a sacar as copias, incorporando a continuación as transcripcións lexitimadas coas sinaturas do escribán de número, do xustiza da cidade e do perito en letra antiga.

Índice xeral e alfabético dos papeis e documentos relativos á Facenda e dereitos da Universidade de Santiago feito polo contador Diego de Mosquera.

1825

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., A- 1.618

Os fiscais do Consello de Castela, don Pedro Rodríguez de Campomanes e don José Moñino (posteriormente, conde de Floridablanca), no seu Informe do 7 de febreiro de 1769 propuxeron que en todas as universidades do reino onde non houbo un inventario de documentación, se fixese un índice de todos os "papeis" existentes nos seus arquivos no que se anotasen os asuntos que trataban e o estado no que se atopaban.

A pesares de que a finais do século XVIII, Pereira e Novio realizara un inventario do contido do arquivo universitario, no que indicaba os documentos que se atopaban desaparecidos e os que recuperara de mans de particulares, tras o episodio da entrada das tropas francesas na Universidade de Santiago a comezos de 1809, houbo necesidade de elaborar outro que actualizase a relación de fondos a consecuencia das lamentables perdas documentais sufridas, tal e como o deixan de manifesto as actas do Claustro desde 1810.

Por distintas razóns, ata 1823 non se realiza o *Libro borrador do Índice xeral da Parte Literaria*. Dous anos máis tarde, o contador arquivero Diego de Mosquera remata o instrumento definitivo neste Índice xeral que presenta ao Claustro o 13 de xaneiro de 1826.

A nivel arquivístico, presenta unha ordenación xeográfica no que respecta á documentación de xestión do patrimonio e percepción de rendas, e alfabética, por materias e tipoloxías documentais, na restante.

Oficio da Dirección Xeral de Instrución Pública destinando a Ramón Robles, axudante de terceiro grao do corpo de Arquiveiros, Bibliotecarios e Anticuarios, ao Arquivo Universitario.

1893, febreiro, 6

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 130. P. 2

Papeleta de pedido da Secretaría da Universidade ao arquivo dos expedientes de grao de bacharel dos institutos de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra do curso 1892/93

1894, novembro, 9

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 130. P. 1

Solicitud do secretario Augusto Milón ao responsable do arquivo dunha historia da Universidade feita polo reitor Juan José Viñas.

1894, agosto, 6

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 130. P. 2

Parte dos traballos realizados no arquivo desde o 6 de marzo de 1893 asinado polo seu responsable.

1894, outubro, 2

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 130. P. 1

Solicitud do secretario Augusto Milón ao responsable do arquivo da remisión dos atados dos oficios das Xuntas Provinciais de Instrución Pública por "*no entendernos aquí sin esos antecedentes*".

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 130. P. 2

Parte dos traballos realizados no arquivo universitario durante o segundo trimestre de 1895 asinado polo seu responsable.

1895, xullo, 10

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 130. P. 1

Proxecto de rehabilitación da Casa Simeón como sede do Arquivo Histórico Universitario.

1988

Julián Morenas Aydillo, arquitecto

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: Proxectos de obras. Arquivo Histórico Universitario (1988-1990)

O edificio contou co informe favorable para o seu uso como arquivo do arquitecto designado polo Ministerio Julio E. Simonet Barrio. Cunha superficie de 2.590 m², consta de cinco depósitos documentais, un taller de restauración, unha sala de conferencias, unha sala de investigadores, unha sala de reprografía e varias zonas de traballo.

Plano de situación das Bibliotecas (Universitaria, América e Lago) e do Arquivo no último andar do edificio principal da Universidade de Santiago.

Ca. 1931

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U. PLANOS, nº 105

Ata o seu traslado definitivo en 1990 á actual sede do Arquivo Histórico Universitario na rúa das Casas Reais, estaba situado no derradeiro andar da actual Facultade de Xeografía e Historia.

| TRABAJOS | En el trimestre anterior | En el trimestre actual | TOTAL |
|--|--------------------------|------------------------|-------|
| Libros inventariados. | 266 | 8 | 274 |
| Legajos arreglados. | 154 | 4 | 158 |
| Papeletas escritas. | 1541 | 398 | 1939 |
| Libros y documentos servidos. | 121 | 22 | 143 |
| Certificaciones expedidas e informes escritos. | | | |

v.º n.º
El Rector, Santiago, 2 de Octubre, de 1895.
El Archivero.

Ramón Robles

Don Sr. Director General de Instrucción pública

O ARQUIVO NA HISTORIA

Acta da sesión do Claustro na que Francisco Zaldívar, secretario da Universidade, solicita unha gratificación polos traballos realizados para salvagardar a documentación do arquivo ante a previsión dun ataque do exército inglés.

1723, abril, 29

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., A- 130

No contexto da guerra da Cuádruple Alianza librada entre 1717 e 1720, a armada británica, comandada por Lord Cobham, desembarca na ría de Vigo para tomar a cidade, avanzando logo sobre Redondela, Marín e Pontevedra, que é incendiada e saqueada. Ante a proximidade dos ingleses, esténdese o pánico por Santiago de Compostela, como queda reflectido nas actas de consistorios desas datas que dan conta da evacuación de persoas e bens.

Francisco Zaldívar solicita, polo tanto, a gratificación por *“ordenar todos los papeles, bulas e instrumentos del archivo para transportarlos fuera de la ciudad con la temida invasión del inglés, a ejemplo de otras comunidades”*.

Carte de la Baye de Vigo et Isles de Bayone.

Ca. 1764

Jacques-Nicolas Bellin, cartógrafo (1703-1772)

FONDO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U. CARTAS NÁUTICAS, nº 7

Expediente sobre o arranxo do Arquivo da Universidade encomendado ao oficial do Corpo Facultativo de Arquiveiros e Bibliotecarios D. Juan de la Osa Guerrero.

1888

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 335, exp. 8

O 1 de xuño de 1888, o Director Xeral de Instrución Pública, D. Emilio Nieto, comunica ao reitor o nomeamento en comisión honorífica e gratuíta de Juan de la Osa Guerrero, Axudante do Arquivo [do Reino] de Galicia, para organizar e catalogar o arquivo da Universidade de Santiago. No oficio explica, ademais, que esta encomenda cesará tan pronto como exista persoal facultativo *“con que atender el servicio de tan importante establecimiento”*. Sen embargo, o traballo durará pouco tempo dado que en xaneiro do ano seguinte, a Xunta de Arquivos, Bibliotecas



e Museos o destinou ao Arquivo da Delegación de Facenda de Sevilla cun soldo anual de tres mil pesetas.

Debe terse en conta que o reitor da Universidade de Santiago estaba a asumir, tras o *Regulamento orgánico do corpo facultativo de arquivistas, bibliotecarios e anticuarios* do 25 de marzo de 1881, a xefatura de todos os arquivos do seu distrito, neste caso, de todos os arquivos de Galicia en todo o relativo á parte administrativa e ao seu réxime interior.

O regulamento posterior do 18 de novembro do ano 1887 contempla a provisión das vacantes establecendo que no caso de que o arquivo estivese ao coidado dun só empregado facultativo, este debía ser substituído nas súas ausencias, vacantes e enfermidades por un Catedrático de Universidade ou de Instituto, ou pola persoa que designase o reitor.

Solicitud de Juan de la Osa Guerrero, arquivista, ao Secretario da Universidade de Santiago para que expida certificación polos traballos realizados no arquivo.

1888, novembro, 6

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 335, exp. 8

O certificado expedido eloxia do seguinte xeito a súa labor: "(...) *trabajando con un celo digno del mayor elogio, aprovechando las horas ordinarias y extraordinarias para concluir como lo acaba de realizar el inventario de volúmenes y legajos de sus papeles y su colocación definitiva, trabajo notable que demuestra la vocación especial y dotes nada comunes de laboriosidad e inteligencia que concurre en el referido sr. de la Osa para la difícil y especial rama del saber a que se dedica*".

Trazas para o proxecto de construción do Colexio de San Xerome.

Ca. 1635

Bartolomé Fernández Lechuga, mestre de obras

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: FU. PLANOS, n.º 9

Este plano formou parte do proxecto presentado por Bartolomé Fernández Lechuga, mestre de obras da catedral de Santiago, para trasladar o Estudo de Artes desde o antigo Hospital de San Xoán da rúa da Acibechería ata a rúa do Franco.

Foi aprobado o 5 de marzo de 1635, data na que o reitor Pardo Gayoso obtén o acordo do Claustro para construír un novo edificio co que mellorar as condicións nas que vivían estes estudantes.


Expediente sobre a localización e posterior transcripción e compulsión dos documentos que amparan os dereitos dos Colexios de Fonseca e san Xerome existentes no arquivo da Universidade para a súa remisión por orde da Dirección Xeral de Estudos do Ministerio de Gobernación do Reino.

1839, xuño 26 – decembro, 20

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: FU., S.H. 283, P. 17

Este expediente debe situarse no contexto da transición dunha universidade do Antigo Réxime cara a Idade Contemporánea. A supresión dos colexios, institucións privilexiadas instrumentalizadas pola nobreza para o seu beneficio propio, era un dos eixes principais da política universitaria liberal. Suprimidos en 1812 e 1820, foron repostos polo absolutismo. Sen embargo, tras a morte de Fernando VII, loitan por manter a súa existencia coa oposición das propias universidades.

O goberno moderado de 1837-40 apoiará as súas pretensións, chegando en marzo de 1839 a cesar ao reitor por non respectar os dereitos do Colexio de Fonseca. Pouco tempo despois, a Dirección Xeral de Estudos ordenará que se saque copia de todos os documentos que xustificasen os privilexios tanto deste Colexio Maior como do de San Xerome. O Claustro designa entón unha comisión para a localización e transcripción dos documentos, xénese deste expediente, deixando patente así a súa utilidade xurídica nese momento, se ben tras a supresión definitiva dos colexios -apenas un ano despois (en setembro de 1840)- perderán o seu valor administrativo e xurídico para pasar a telo exclusivamente histórico e testemuñal.



Informe de Joaquín Bernardo Flores, catedrático de Leis e contador, ao reitor e ao Claustro sobre os feitos e circunstancias relacionadas co arquivo durante a ocupación francesa, así como dos traballos realizados para a súa salvagarda e conservación.

1812, maio, 15

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., A- 469

Cando en xaneiro de 1809 entraron as tropas napoleónicas no edificio da Real Universidade de Santiago, "se hallaba bien ordenado y arreglado, pero habiendo ocupado aquellos este edificio rompiendo las puertas del Archivo y sus tres cerraduras se metieron dentro, destrozaron los estantes, los pergaminos y papeles, llevando algunos a vender por el pueblo, usando de otros para envoltorios y echarse encima de ellos (...) con el permiso del General Francés, fuimos a reconocer esta desgracia y como los Franceses no se quisiesen largar de la pieza, fue preciso ganar nueva orden para trasladar todos los papeles que se hallaban por el suelo a bulto a la pieza de Biblioteca Unica que se salvó de aquella invasión por una guardia que para ella había dado con orden fixada por escrito el General al Dr. Pedrosa, agradecido tal vez a haberle dado un mapa de Galicia".

Li Regni di Galizia, Asturie e Leon: delineati sulle ultime osservazioni

Roma: presso la Calcografia Cam^{le}, 1794

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U. MAPAS, n° 19

Conta dada por Manuel de Anduaga, comisionado do claustro na Corte de Madrid, dos gastos totais derivados do encargo feito pola Universidade de Santiago a Francisco de Goya para pintar un retrato do rei Fernando VII.

1815, febreiro, 25

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U. PATRIMONIO (s. XIX)

Recibo de Francisco de Goya por pintar o retrato do rei Fernando VII encargado pola Universidade de Santiago.

1815, febreiro, 3

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U. PATRIMONIO (s. XIX)

Lamentablemente, non figura a día de hoxe entre o patrimonio artístico da Universidade de Santiago. Sabemos que se trataba dun retrato de medio corpo do monarca que se enmarca dentro do contexto de celebración, por parte das distintas institucións do reino, da restitución no trono de Fernando VII en 1814, tras a derrota dos exércitos de Napoleón e a expulsión de Xosé I Bonaparte. Esta circunstancia derivou na proliferación de encargos deste tipo como manifestación de apoio e de exaltación da súa figura.

Recibo del Sr. Manuel de Anduaga mil y quinientos rs. por el retrato del Sr. D. Fernando 7.º y para que conve lo pague en Madrid a 3 de febrero de 1815.

son \$ 1500 \$ 1500

Fco. de Goya

1531, febreiro, 26

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., A-16

Trátase da copia autorizada do testamento do fundador da Universidade de Santiago de Compostela outorgado en Alcalá de Henares uns días antes, o 17 de febreiro. Conta, ademais, con dous codicilos engadidos e as dilixencias de apertura correspondentes.

Cosida a esta copia contemporánea, consérvase unha segunda transcrición literal autorizada do ano 1694, precedida dun auto e as conseguíntes anotacións relacionadas coa saída do arquivo da Universidade do exemplar existente. Esta segunda copia xustifícase polo risco de deterioro da primeira dado o seu intenso uso.


A parte dispositiva do testamento destaca polo seu carácter extraordinariamente detallado, sobresaíndo as disposicións relativas ao Colexio de Santiago Alfeo que pretendía fundar en Santiago. No propio texto arguméntanse as razóns: elevar o nivel formativo e a cualificación do clero, do arcebispado en particular e de Galicia en xeral, tal e como vemos expresado no seguinte parágrafo:

“Item por quanto nos ovimos erigido en la ciudad de Santiago, e por el bien della, y generalmente del Reyno de Galicia, por la experiencia que tovimos de la necesidad que en él hay de doctrina, e personas doctas un colegio e universidad dónde los moradores e naturales del dicho reyno (...) puidesen estudiar, aprender, e ser enseñados en Gramática e otras facultades”.

No testamento, Fonseca destinará tamén unha importante cantidade de cartos, nada menos que dous millóns de maravedís, para a erección do edificio principal do colexio, establecendo como patróns da fundación ao arcebispo de Santiago, Juan de Tavera, e ao Conde de Monterrei, o seu sobriño Alonso de Acevedo.

Non se esquece tampouco de redactar os estatutos que regularán o seu funcionamento e institúe a existencia dun visitador de carácter anual, cargo que sería desempeñado por un cóengo do cabido catedralicio, estendéndose prolixamente no procedemento das visitas.

Trátase, polo tanto, dun dos documentos de maior relevancia e simbolismo por constituír o alicerce sobre o que erixiu a Universidade de Santiago.



Escritura de permuta de Vistrilo e Teodome sobre bens situados en Carboeiro.

878

FONDO DE CLERO: SAN MARTÍN PINARIO, Pergameos, nº 2

Estando á fronte do arquivo Salvador Parga Pondal, ingresou en 1946 o fondo facticio que coñecemos baixo o título de "Clero", o cal procedía da antiga Administración de Bens Nacionais do partido de Santiago, organismo competente para a recepción da documentación de mosteiros, conventos, cabidos, confrarías e demais institucións eclesiásticas afectadas polas leis desamortizadoras do século XIX.

Nun primeiro momento, estivera depositada en condicións inadecuadas no convento de Santo Agostiño ata 1920, ano no que o edificio foi ocupado polos xesuítas e os documentos, en consecuencia, trasladados ao último andar do concello de Santiago.

Esta permuta forma parte da sección de pergameos do mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago e, segundo o estudo realizado por Lucas Álvarez, fai referencia a bens pertencentes á comunidade residente en San Lourenzo de Carboeiro (Silleda).

Trátase dun documento privado, realizado en pergameo e con letra visigótica cursiva, o máis antigo custodiado no arquivo pero tamén un dos máis antigos de Galicia.

Carta executoria apostólica dada polo papa León X a favor de Diego de Muros, administrador do Hospital Real de Santiago, en razón do preito con Alonso de Fonseca III, arcebispo de Santiago, sobre a execución xurisdiccional da institución.

1516, novembro, 17

FONDO HOSPITAL REAL DE SANTIAGO. H.R. PRIVILEGIOS E BULAS, nº 1

Desde a mesma fundación do Hospital Real, producíronse conflitos de xurisdición entre este e o señorío temporal da cidade, en mans do arcebispo. A bula de Xulio II de 1512, que o dotaba de plena execución -ao modo do Hospital de *Sancti Espíritus* de Roma-, foi recorrida polo arcebispo Fonseca ante a autoridade apostólica. O resultado foi favorable ao Hospital, administrado por Diego de Muros III, pois o Papa reiteraba a vixencia do disposto na bula na que se establecía a tutela da monarquía española para velar polo cumprimento da sentenza executoria.

A miniatura, ricamente policromada, presenta unha magnífica composición a modo de retablo, representando no primeiro corpo aos litigantes afrontados coas súas armas: a esquerda, o arcebispo Fonseca co estudo de cinco estrelas borrado intencionadamente (perdera o preito) e Diego de Muros á dereita, coa cruz potentada colexial.

No segundo corpo, a ambos lados da Virxe, atópanse tamén axeonllados o Emperador Carlos V e súa nai, a raíña dona Xoana, como patróns do Hospital, e nun piso superior outras dignidades eclesiásticas e reais.



Constitucións outorgadas polo rei Carlos I ao Real Hospital de Santiago de Compostela.

1524, setembro, 20

FONDO HOSPITAL REAL DE SANTIAGO: GENERAL, Leg. 1, exp. 16 bis

O Hospital Real de Santiago, fundado polos Reis Católicos en 1492, recibe en 1524 do seu neto Carlos I as súas Constitucións, o texto normativo coas regras de goberno que rexerá a súa vida interna e o seu funcionamento durante boa parte da Idade Moderna.

Nelas establécense, entre outros aspectos, os seus propósitos e funcións, a súa organización, os distintos oficios existentes na institución coas súas responsabilidades, ademais da fiscalización e inspección da actividade benéfico-asistencial encomendada.

Libro de visitas da igrexa parroquial de Santa María da Corticela.

1608, xaneiro, 20 - 1699, febreiro, 14

FONDO DE CLERO, nº 1.069

A igrexa da Corticela é unha das máis antigas da cidade. Foi fundada por Sisnando I, bispo de Iria, e Alfonso III o Magno, a finais do século IX como igrexa monacal da Orde de San Bieito dedicada ao culto e custodia do sepulcro do Apóstolo Santiago ata o ano 1527, momento en que pasa a converterse na parroquia de “estranxeiros e vascos” que visitan a cidade. Nunha das ampliacións do recinto da catedral quedaría integrada no seu interior.

Os libros de visitas proporcionánnos unha completa radiografía da situación da parroquia no momento da súa celebración: inventario completo de bens mobles, libros litúrxicos e ornamentos, rexistro do estado da fábrica, propiedades vinculadas, froitos e rendas obtidos, obras pías e fundacións, estado da caixa e contas da institución, etc. Tras a inspección, os visitantes dispoñen as actuacións necesarias para corrixir as deficiencias de índole material ou na xestión patrimonial ou económica da institución.

Custódíase no Arquivo Histórico Universitario no fondo de “Clero” por ser un dos libros incautados tras a Desamortización eclesiástica do século XIX.

Doazón do rei Fernando II de León ao mosteiro de Santo Estevo de Chouzán (Carballedo – Lugo)

1182, xuño, 4

COLECCIÓN DE PERGAMIÑOS. Blanco-Cicerón, nº 99



O privilexio rodado era o documento máis importante e solemne que saía das chancelerías reais dos séculos XII ao XIV. Caracterízase por estar realizado en pergamiño, por presentar unha boa caligrafía pero, sobre todo, pola presenza dos elementos de validación: largas listas de asinantes (familia real e as máis altas autoridades do reino) e a rota ou roda coa lenda que enmarca o símbolo real.

A orixe deste emblema atópase nas bulas de mediados do s. XI do Papa León IX. Estendeuse polos reinos hispánicos na primeira metade do século XII grazas ao arcebispo Xelmírez, a quen logo imitaron os demais bispos e monarcas. Precisamente, o primeiro en empregala foi o rei Fernando II en León (1157-1188), coa roda enmarcando a un león rampante, e Sancho III en Castela, reino simbolizado cuncha cruz.

Libro de misas de fundación no convento de San Domingos de Bonaval.

1676-1766

FONDO DE CLERO, nº 335

Trátase do libro rexistro de misas fundadas por piadosos que, mediante doazón en vida ou legado testamentario, traspasaban a unha institución relixiosa rendas patrimoniais ou unha determinada cantidade de cartos para sufragar os gastos das misas oradas ou cantadas que encargaban para a salvación da súa alma e a perpetuación da súa memoria.

Libro diario de contabilidade da empresa Isidoro de la Riva.

1830-1843

ARQUIVOS DE EMPRESA: Isidoro de la Riva. I.R. DIARIOS, 8

Isidoro de la Riva era un empresario afincado en Padrón, fundador dunha empresa de fabricación téxtil que operou entre os anos 1829 e 1955. Formaba parte dunha coñecida familia rioxana dedicada ao transporte de panos, negocio que os levarían a asentarse en distintas localidades españolas. En Galicia fundarían empresas de renome como a Banca Simeón e os almacéns homónimos.

O AHUS é un dos arquivos galegos que conta cun maior volume de fondos relativos a empresas grazas a doazóns e ás adquisicións realizadas pola Universidade de Santiago pois non debemos esquecer que a Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia sinala que os documentos anteriores ao ano 1901 xerados, conservados, acumulados e reunidos polas entidades privadas que teñan interese para a historia de Galicia forman parte do noso patrimonio documental.

Factura de Manufacturas de Martín Viladalch, Camisería e Corbatería para Soto y Valcarce.

1899, xaneiro, 5

ARQUIVOS DE EMPRESA: Vicente Valcarce, V.V.1



Factura de Gabriel León Supervielle e Cía para Soto y Valcarce.

1899, xaneiro, 7

ARQUIVOS DE EMPRESA: Vicente Valcarce. V.V.1



A empresa Vicente Valcarce (ata 1910 Soto y Valcarce) era unha empresa coruñesa dedicada entre 1884 e 1964 á importación e exportación de manufacturas téxtiles e á súa comercialización e venda.

Celebración da botadura do cruceiro Miguel de Cervantes na cidade de Ferrol.

1928, maio, 19

ARQUIVOS DE EMPRESA: Sociedad Española de Construcción Naval. Álbums fotográficos, nº 2



Cámara de oficiais do cruceiro Miguel de Cervantes.

1930, Febreiro, 2

ARQUIVOS DE EMPRESA: Sociedad Española de Construcción Naval. Álbums fotográficos, nº 2

Botadura do cruceiro Miguel de Cervantes nos estaleiros da Sociedade Española de Construcción Naval de Ferrol.

1928, maio, 2

ARQUIVOS DE EMPRESA: Sociedad Española de Construcción Naval. Álbums fotográficos, nº 2

O fondo documental da empresa Sociedad Española de Construcción Naval, coñecida como “A Naval”, é froito dunha doazón da familia do Almirante Juan Antonio Suances, primeiro Marqués de Suances, ministro de Industria e Comercio e fundador do INI. Pero antes de ocupar estes postos, Suances fora un alto cargo desta empresa, tendo un importante papel no desenvolvemento do rearme naval do primeiro terzo do século XX.

Entre a documentación podemos atopar unha interesante colección de álbums fotográficos sobre instalacións e buques construídos pola empresa, aos cales pertencen as fotografías que se amosan.

O cruceiro Miguel de Cervantes foi un navío emblemático da Armada que permaneceu activo desde 1930 ata 1964, ano no que foi desclasificado e vendido para o seu despezamento. Participou na Guerra Civil española, no bando republicano, sufrindo graves danos tras ser torpedeado polo submarino italiano Torricelli en 1936.

Ao final da guerra, a tripulación buscou refuxio no porto de Bizerta, en Túñez, pero foi retido polas autoridades francesas e posteriormente entregado ao bando franquista. Polo tanto, foi un buque no que ondearon tres bandeiras españolas: a monárquica, a republicana e a franquista.

Trazas que figuran no contrato entre Andrés de Mondragón e Sotomayor, señor do couto e pazo de Ortigueira, e Diego de Romay, mestre de obras, para facer o frontispicio dunha fonte.

1676, xullo, 8

José Vidal de Lamas, notario

FONDO DE PROTOCOLOS NOTARIAIS:

Distrito de Santiago de Compostela, S- 1.724

Os protocolos notarias centenarios do distrito de Santiago de Compostela ingresaron no AHUS, nun primeiro momento, en 1969, por acordo entre a Universidade, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e a Dirección Xeral de Arquivos e Bibliotecas do Ministerio de Educación e Ciencia.

Posteriormente, en 1992, en virtude de convenio suscrito entre a Consellería de Cultura e Xuventude e o Colexio Notarial de Galicia ingresarán os protocolos históricos da chamada “Terra de Santiago” conformada por un total de nove distritos da contorna compostelá (Arzúa, Corcubión, Melide, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón e o da propia cidade) co obxectivo de que se conformase unha unidade de estudo e investigación.

Certificación autenticada das armas e brasóns de Antonio de Bussy Morín, Tenente Coronel de Infantería e Capitán do Rexemento de Ordes.

1794, xullo, 21

EXECUTORIAS DE FIDALGUÍA, nº 5

Neste documento, Antonio Zazo Ortega, rei de armas do monarca Carlos IV (é dicir, alto funcionario público encargado do rexistro dos brasóns), certifica a presentación de documentos que acreditan a ascendencia nobre de Antonio de Bussy, quedando así facultado para ostentar as armas das súas catro ramas familiares.

A autenticidade do documento aparece reforzada polas sinaturas e os signos de tres escribáns de número da vila de Madrid, así como do secretario do concello da capital.

A colección de executorias de fidalguía do Arquivo Histórico Universitario, á que pertence este documento, foi adquirida por compra e integrada dentro dos seus fondos familiares.



Memoria descriptiva do anteprojecto dun novo edificio para a Capitanía Xeral de Galicia redactado pola Comandancia de Enxeñeiros da Coruña.

1885, febreiro, 28

CAPITANÍA GENERAL DE GALICIA. Obras Públicas Militares, C.G.G. 173

A fracción de fondo da Capitanía Xeral de Galicia custodiada no AHUS ingresou grazas á doazón feita pola familia Castroviejo Blanco-Cicerón á Universidade en 1973, tendo como datas extremas os anos 1626 e 1899. Está conformada, fundamentalmente, pola documentación relativa ao goberno político de Galicia no s. XIX pero, sobre todo, polos procesos e causas xurdidos a raíz das guerras carlistas. Tamén contén información sobre asuntos de política internacional, orde público, movementos sociais e políticos, sobre a guerra de África de 1866 e un longo etc.

Esta memoria forma parte da sección relativa ás obras públicas militares proxectadas no noso territorio neste período de tempo. Nela xustifícase a realización dun proxecto construtivo novo como alternativa a outro redactado pola propia comandancia que abordaba, pola contra, a reforma do Pazo da Capitanía edificado en 1748.

Copia da Real Cédula do rei Carlos IV na que se declara a guerra a Francia.

1793, marzo, 27

CAPITANÍA GENERAL DE GALICIA. Asuntos Internacionais, C.G.G. 167

O fondo documental da Capitanía Xeral de Galicia conta cunha agrupación relativa a asuntos internacionais con documentos que abordan cuestións relativas á política exterior e ós conflitos bélicos xurdidos con intervención directa ou indirecta de España entre 1728 e 1871. Entre eles está esta Real Cédula na que se declara a guerra a Francia, co que da comezo a chamada Guerra do Rosellón por ser ese territorio escenario dunha boa parte do conflito entre os dous países.

Poñerase fin coa Paz de Basilea asinada o 22 de xullo de 1795, a cal supuxo unha importante derrota para España ademais da subordinación, a partir dese momento, da política española aos intereses do país veciño.

1783

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U. 4.800, exp. 22

Andrés Pereira y Novio, pese a non ser nomeado oficialmente arquivista, foi o responsable, en comisión concedida polo Claustro, da reorganización e descrición do arquivo ao longo da última década do século XVIII. Era membro do Corpo de Revisores de Letras Antigas, corporación creada en 1726. Para o ingreso nela, os aspirantes debían someterse a un exame consistente na transcripción dun texto paleográfico, aínda que este requisito non sempre se cumpría. As súas funcións serían herdadas polo Corpo facultativo de Arquivistas tras a súa creación en 1858.

Con respecto ao documento, convén sinalar que os actos de obtención dos graos maiores, de bacharel, doutores ou mestres en Artes, Teoloxía, Canons e Leis durante o Antigo Réxime eran acontecementos públicos, pois a concesión acompañábase dunha cerimonia regulada nos estatutos universitarios.

A través dos chamados “edictos”, facíase a convocatoria indicando a data, a materia e os participantes. Nas “follas de grao” quedaban plasmadas as conclusións dos aspirantes e, ao igual que os anteriores, contaban cunha rica ornamentación que mesmo podían levar impreso o gravado dalgún santo (neste caso a San Xosé), ou dalgunha advocación mariana.

Resumo do estado do Arquivo Universitario de Santiago realizado por Ramón Robles y Rodríguez.

1893, maio, 23

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 130, P 1

Grazas a este informe presentado polo entón arquivario Ramón Robles, coñecemos o estado no que se atopaba e as deficiencias que presentaba mentres o arquivo estivo situado, temporalmente, no ángulo suroeste do andar superior do Instituto de Segunda Ensinanza Arcebispo Xelmírez, situado nese momento no edificio contiguo á Universidade, na praza de Mazarelos, que tamén pertencera aos xesuítas.

A razón dese traslado debíase ás obras que se estaban a realizar para engadir un segundo andar á construción neoclásica que hoxe acolle á Facultade de Xeografía e Historia debido á imperiosa necesidade de espazo para desenvolver a actividade académica pero tamén para acoller adecuadamente os cuantiosos fondos bibliográficos da Biblioteca universitaria.

Minuta do nomeamento como habilitado do persoal e material do Arquivo Universitario de José Rodríguez Silva e de José María Cervera como suplente deste na Coruña.

1895, xuño, 10

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 130, P 1



Oficio do Negociado de Arquivos, Bibliotecas e Museos da Dirección Xeral de Instrución Pública dirixido ao xefe do Arquivo Universitario de Santiago dispoñendo o traslado de Ramón Robles y Rodríguez, axudante de terceiro grao do corpo de arquiveiros, bibliotecarios e anticuarios, á Biblioteca da Universidade.

1895, agosto, 7

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 130, P1


Libro rexistro de graos de licenciado dilixenciado por Luís Cotón, secretario da Universidade.

1817-1844

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., A- 200

A figura de Luís Cotón é moi destacada para o arquivo da Universidade de Santiago pois, ademais de atender con eficacia as súas funcións como secretario, procurou conservar con dilixencia tamén a custodia dos documentos. Ata tal punto realizou con celo esta misión, que durante anos tivo como firme obxectivo recuperar os que se perderan (así como a prata e outros obxectos valiosos) debido a que foran roubados polos franceses tras a súa irrupción na cidade a comezos de 1809 pero, tamén, por aqueles composteláns que quixeron sacar beneficio da inestabilidade e caos xerado pola situación.

En agradecemento polos servizos prestados, o Claustro universitario quixo premiar en setembro de 1818 esta ardua labor asignándolle unha gratificación económica.



Recibo de Manuel García Barros Figueroa como contador-arquiveiro da Universidade de Santiago.


1816, outubro, 9

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: F.U., S.H. 27


Nas primeiras décadas do século XIX subsistirá a figura do contador-arquiveiro, un cargo creado a mediados da centuria anterior que era desempeñado por membros de prestixio dentro da comunidade universitaria como Manuel García Barros Figueroa. Supoñía unificar nunha mesma figura administrativa ao responsable da xestión da Facenda universitaria coa función asumida ata ese momento polo comisionado do Claustro, nomeado e remunerado anualmente para o “arranxo e colocación dos papeis do Arquivo”.

Con respecto a García Barros é preciso comentar que estivo ligado á historia da Universidade de Santiago (foi reitor, aínda que por un período breve) pero, sobre todo, co arquivo universitario, non só polo cargo desempeñado como contador senón porque contamos coa súa documentación persoal entre os nosos fondos.

Ademais de alcalde de Santiago, foi nomeado xefe político da provincia da Coruña e, pouco despois, Ministro de Gobernación nun goberno efémero que apenas durou un mes. Así mesmo, foi o patrón de sangue da Fundación creada por Manuel Ventura Figueroa, patriarca das Indias, gobernador do Consello de Castela e home de confianza do rei Carlos III, cunha interesante documentación que foi custodiada no AHUS durante moito tempo ata o seu traslado definitivo en 2018 ao Arquivo de Galicia.



A DIMENSIÓN HUMANA: O
PERSONAL DO ARQUIVO



Índice-Inventario do fondo universitario realizado por Salvador Parga Pondal, xefe do arquivo.

s.d.

ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO.

Instrumentos de descripción, nº 1

Índice-Inventario do Arquivo da Administración de Bens Nacionais do partido de Santiago realizado por Pablo Pérez Costanti, arquivista do concello de Santiago, e Salvador Parga Pondal, arquivista da Universidade de Santiago.

Ca. 1900

ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO.

Instrumentos de descripción, nº 2

Ficha académica de Daría Vilariño Pintos, directora da Biblioteca Universitaria de Santiago entre 1973 e 1993 e responsable do Arquivo durante varios anos, na súa etapa como alumna da Facultade de Filosofía e Letras.

1945-1950

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO:

F.U. Expedientes Personais, Leg. 1.582, exp. 10

Oficio do Director Xeral de Arquivos e Bibliotecas dando traslado ao reitor da Universidade de Santiago do permiso concedido a José María Fernández Catón, director do Arquivo Histórico e Universitario de Santiago, para trasladarse a Roma.

1970, maio, 21

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO:

F.U. Expedientes persoais, Caixa 5, exp. 27-B

Fernández Catón foi un dos artífices do ingreso da documentación histórica do Hospital Real de Santiago no Arquivo Histórico Universitario en 1960, tras a cesión feita pola Deputación da Coruña. Tamén é o autor do seu inventario posterior, publicado en 1970, o cal, a día de hoxe, segue a empregarse como instrumento de descripción deste valioso fondo documental.

Nomeamento de María José Justo Martín, funcionaria do Corpo Facultativo de Arquivistas, Bibliotecarios e Arqueólogos, como directora do Arquivo Histórico Universitario.

1987, xaneiro, 14

FONDO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO:

F.U. Expedientes persoais, Caixa 252, exp. 642-B5



Deputación
DA CORUÑA